



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 29/06/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

##### PRESIDENTE

José Marcote Suárez

##### CONCELLEIROS

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez  
Soledad Vilela Romero

##### SECRETARIO

Juan Carlos Carril Pérez

#### ASUNTOS

- 1 – APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR
- 2 – LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS
- 3 – ASUNTOS VARIOS

Na vila e termo municipal de Fisterra, Partido ás 20:00 horas do día 29/06/2021, reúnense no salón da Alcaldía, os señores e señoras que ao marxe se expresa, aos fins de celebraren sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometida a votación a acta da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 10/06/2021, é aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNES PREVIAS

##### OBRAS MAIORES

##### LICENZAS DE OBRAS

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, emisión do informe xurídico de datas 5/03/2021 e 29/06/2021 respectivamente, e demais antecedentes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a :

A CARMEN MARÍA CANOSA LADO, veciña de Fisterra para proceder á Reforma dunha Edificación Tradicional para destinar a Vivenda Unifamiliar (Referencia Catastral 001401200MH75F) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico de data Decembro de 2020 redactado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, que consta no expediente; condicionada a que :

• As obras non se poderán iniciar, sen presentar previamente o Proxecto de Execución, debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente, por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, que xustifique as seguintes condicións, impostas polo informe perceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

• A tipoloxía e dimensións dos voos dos beirís das cubertas será semellante aos existentes tradicionalmente na zona. Deberán recortarse os beirís do tellado da edificación principal, adaptándoos á tipoloxía propia da vivenda tradicional (é dicir de pequena dimensión, non superior aos 20 cm. ou case sen sobresaír nas fachadas laterais).

• As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordados co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. Polo tanto, considerase axeitado



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

que o material de cobertura sexa o tradicional do lugar, a tella cerámica vermella, debendo coidar que o fibrocemento baixo a tella non quede visible ao exterior. A pendente da cuberta do anexo leste deberá estar preferentemente dentro dos límites habituais nas cubertas tradicionais, entre un vinte e cinco e un corenta por cento (a utilización da tella por debaixo das pendentes habituais fai que esta deixe de traballar correctamente).

- Non se consideran axeitadas as placas de pedra (aplacados) de pequeno espesor, polo que de utilizar pedra nas fachadas do anexo leste será da zona (do mesmo do mesmo tipo, cor e grao que a empregada na edificación tradicional) e cunha folla duns 10 cm de espesor mínimo, trabada ao xeito tradicional e resolvendo os encontros das esquinas axeitadamente. No caso dos cerramentos de ladrillo, outra solución que tamén se considera axeitada é o recebado e pintado nunha cor branca ou beixe ocre clara con pouca saturación de cor, cun acabado liso e mate, sen brillos.
- A limpeza da pedra farase preferentemente de maneira manual con cepillos vexetais, empregando auga e xabón neutro, respectando as pátinas existentes. Non é recomendable o chorro de auga ou area a presión.
- O rexuntado da pedra realizarase con morteiros de cal ou bastardos de cal e cemento en tons similares aos da pedra (neste caso tons ocre, non grises) e quedarán lixeiramente refundidos na xunta ou a rentes coa fábrica, nunca en relevo.
- De existiren fotografías antigas da edificación que demostren que os dous ocros modificados na fachada principal eran orixinalmente portas, deberá recuperarse dita configuración (podendo dispor de vidro na metade superior). En todo caso, o oco sito á dereita da porta de entrada deberá axustarse a proporcións verticais, eliminando o antepeito, o que resulta máis acorde coas proporcións de ocros da propia edificación e das construcións tradicionais da zona.
- A carpintaría exterior será sinxela, sen ornamentos nin molduras, co mesmo despece e posición respecto do muro que a orixinal da edificación tradicional (as ventás colocaranse respectando a formalización tradicional dos ocros, e dicir, a rentes do exterior do muro, con dúas follas abatibles de eixo vertical), e de madeira, considerando axeitada a cor branca proposta, con acabado mate (agás a porta do alpendre tradicional que será de madeira preferentemente en acabado natural escurecido e mate). Como as novas ventás deberán encaixar no rebaixe da pedra, pode colocarse outra carpintaría con maiores prestacións térmicas polo interior destes ocros, co mesmo despece e con acabado mate, de madeira ou aluminio (as contras poden fixarse nos bastidores das follas da ventá interior). Non se empregarán vidros con billotes ou traveseiros polo interior do vidro dobre. A porta de entrada pode ser dunha folla, o seu deseño será sinxelo e sen molduras.
- Os novos canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, do cinc proposto na súa cor natural sen brillos.
- De facerse novos remates de chemineas, estes serán sinxelos, harmonizarán cos tipos tradicionais existentes na zona e terán un acabado acorde ás fachadas da propia edificación (non se permiten chapados revestindo as chemineas de ladrillo para que semellen ser de cachotería ou cantería, neste caso o adecuado e revestilas con morteiro e pintalas). Tamén se permiten as chemineas de fundición ou aceiro cor gris escura ou negra e acabado mate. Con respecto ás caparuzas debe primar a sobriedade, podendo rematarse cunha peza horizontal de cantería ou cunha chapa horizontal de aceiro con apoios sinxelos nas esquinas.”

Dende o punto de vista de arqueoloxía:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Non será necesario establecer ningún tipo de supervisión arqueolóxica das obras; de apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das mesmas, comunicarase decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.”

• **Para o inicio das obras, darase cumprimento ao disposto na Orde do 3 de setembro de 2009, pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que, resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio, inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.**

Así mesmo, **deberá ingresar en arcas municipais as cantidades de trescentos sesenta e un euros con sesenta e catro céntimos (361,64 €) en concepto da taxa de servizos urbanísticos (0,30%), e de dous mil seiscentos cincuenta e dous euros con catro céntimos (2.652,04 €), resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación e que ascende á 120.547,44 €.**

**Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, e informe xurídico de datas 6/05/2021 e 29/06/2021 respectivamente, e demais antecedentes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a :**

**A ELENA TRILLO SANTOS, veciña de Fisterra para proceder á Reforma e Ampliación dunha Edificación de dúas Vivendas (Referencia Catastral 8727603MH7582N0001ZH) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico de data Novembro de 2020 redactado pola arquitecta Engracia Balayo Caamaño, e documentación de 30/03/2021, que consta no expediente; condicionada a que :**

• **As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.**

• **Director de execución das obras: debe xuntarse o seu nomeamento cando se presente para a autorización o proxecto de execución.**

• **Coordinador de seguridade e saúde: cando na execución da obra interveña mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, o promotor, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.**

• **Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas para a realización das obras de conexións cos servizos públicos de saneamento e abastecemento e urbanización da fronte da parcela.

**Así mesmo deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:**

-- **Catrocentos cincuenta e catro euros con sesenta e sete céntimos (454,67 €) en concepto de Taxa servizos urbanísticos.**

-- **Tres mil trescentos trinta e catro euros con vinte e seis céntimos (3.334,26 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CIENTO CINCUENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (151.557,12 €).**

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, emisión do informe xurídico de datas 14/05/2021 e 29/06/2021 respectivamente, e demais antecedentes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a :

A CARLOS JOSÉ CANOSA SANTAMARÍA, veciño de Fisterra para a Legalización das Obras e Ampliación de Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa e Planta Baixo cuberta, (Referencia Catastral 15038A503002560000DI), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e nova documentación de datas Outubro de 2020 e 11 de Abril de 2021 respectivamente, redactados polo Arquitecto Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga, e que constan no expediente; así mesmo deberá:

• As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde, presentación dos oficios dos técnicos que van a levar a dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

• Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

• O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

• Para a solicitude de Primeira Ocupación da Edificación presentárase resolución de carácter favorable o vertido de augas residuais da fosa séptica instalada na parcela si é que esta non é estanca.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Así mesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de dous mil catrocentos trinta e un euros con trinta e un céntimos (2.431,31 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, emisión do informe xurídico de datas 07/05/2021 e 29/06/2021 respectivamente, e demais antecedentes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a :

A ANTONIO LEMA OREIRO, para proceder á Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar coa finalidade de destinar a Vivenda Turística (Referencia Catastral 8506701MH7580N0001JT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución e nova documentación, redactados polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés de datas Novembro de 2020 e 22 de Abril de 2021, así como ó Informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, que constan no expediente; condicionada a que:

1.- • “Non resulta admisible o picado dun revoco de fachada realizado sobre unha cachotería concibida para ser revestida. En consecuencia, agás que a través de catas poida determinarse que a fábrica dos cerramentos non é ordinaria, as fachadas deben ficar enfuscadas e pintadas, quedando exclusivamente á vista, de existir, os elementos de perpiaño ou pedra de cantería que conforman os ocos e encontros de fachada (xambas, linteis, esquinais .. ). A cor das fachadas será ou ben branca, ou ben un ha cor que se se axuste aos criterios da "Guía de cor e materiais de Galicia"

- Colocarase te/la cerámica sobre o fibrocemento, material este que non pode considerarse como un material de acabado adecuado para o inmovible, enténdese que de quedar nesas condicións a cuberta ficaría sen rematar.

- Os canlóns serán de sección semicircular e as baixantes de sección circular, e ficarán pintadas ou lacadas na mesma cor que as fachadas.

2.- **Repoñerase o pavimento afectado ó estado inicial coas mesmas calidades e materiais.**

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporese a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- **EXPEDIENTE** : 2020/U022/000024

-- **LICENZA URBANISTICA** : Xunta de Goberno Local 29/06/2021

--**ORDENANZA DE APLICACIÓN** : Ordenanza do Casco Antigo de Fisterra

-- **PROMOTOR**: Antonio Lema Oreiro.

-- **CONSTRUTOR**: -----

-- **DIRECTOR DE OBRA**: Xoan B. Alborés Tajés.- Arquitecto .

--**DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL**: Alfredo Suárez Sánchez.- Arquitecto Técnico.

-- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS**: Existente

-- **USOS**: Vivenda Turística



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

**-- O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, que deberá comunicarse ante este Concello, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.**

**Así mesmo salientar que unha vez rematadas as obras deberá:**

-- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- Tal e como indica o Informe da Dirección Xeral de Patrimonio logo de rematar as obras "achegarase una memoria final redactada por profesional cualificado que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo e que inclúa un estudo e una reportaxe fotográfica a cor comparativa do estado inicial e final.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e emisión do informe xurídico de datas 29/06/2021, e demais antecedentes obrantes no expediente; **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a:**

**A ANDREA MARÍA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, veciña de Fisterra para proceder a realización de obras consistentes na Instalación dunha Construción Prefabricada e coa finalidade de destinala a Restaurante-Bar (Referencias Catastrais 8108604MH7580N0001DT, 8108603MH7580N0001RT, 8108616MH7580N0001WT, 108621MH7580N0000LR, 8108615MH7580N0001HT e 8108601MH7580N0000IR), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Proxecto Modificado de datas maio de 2021 redactados polo Arquitecto Ramón García Martínez, que constan no expediente, condicionada a que:**

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Condicionarase a licenza a que se realizase a cesión obrigatoria mediante documento público de 167,00 m2, para regularización da vía a que da fronte a parcela.

Así mesmo, **deberá ingresar nas arcas municipais as cantidades de setenta e sete euros con trinta e tres céntimos (77,33 € ) correspondente á taxa (0,30%) de tramitación do expediente e cincocentos sesenta e sete euros con dez céntimos (567,10 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación e que ascende á 25.777,44 €.**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

B) Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 20/01/2021 e informe xurídico de 29/06/2021) respectivamente; en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno en sesión do día 14/03/2019 a nome do Promotor JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, veciño de Fisterra,.-

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, para proceder á Reconstrución de Refuxio de Planta Baixa e Planta Primeira, con Referencia Catastral 15038A035004490000FE e 15038A035004470000FI; redactado polos Arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites, visado con data 23/09/2020 e documentación que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística; así mesmo:

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.
- Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarse a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.
- En cumprimento do indicado no informe do Instituto de Estudos do Territorio, para os acabados exteriores recoméndase seguir os criterios da Guía de cores e materiais de Galicia, dispoñible na web da Consellería.
- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2018/U022/000010  
-- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 14/03/2019  
-- ORDENANZA DE APLICACIÓN: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA RT)  
-- PROMOTOR: D. Juan Boullosa Marcote  
-- CONSTRUTOR:  
-- DIRECTOR DE OBRA: Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites,  
-- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Arquitecto técnico Basilio Canosa Díaz.  
-- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1  
-- USO: Vivenda unifamiliar

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordó e o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-**

C) Visto o escrito presentado co número 2020/999/00000172 do Rexistro Telemático do Concello de Fisterra de data 10/07/2020, por Juan José Casabella López, en representación de Ernesto Insua Olveira, no que solicita licenza de edificación de vivenda unifamiliar de pranta baixa e pranta primeira, a emprazar na parcela con referencia catastral número 8503617MH7580S0001MD, en base ao proxecto realizado por Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites (CASABELLA & VIEITES, Arq. SLP)

Tendo en conta que con data 23/07/2020 o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación emite informe do que se desprende que:

a) Analizada a documentación e o proxecto presentado para seguir coa tramitación do solicitado é necesario presentar nova documentación que xustifique o cumprimento dos puntos indicados anteriormente.

b) En tanto, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural das obras pretendidas.

Considerando que mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) co número 2020/900/00000237 de data 31/07/2020, remítese oficio de saída á Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) co número 2020/900/00000238 de data 3/08/2020, remítese oficio de saída á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Con data 19/02/2021 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a execución das obras de construción de vivenda unifamiliar, sen prexuízo dos permisos ou licenzas que correspondan en aplicación doutros sectores do ordenamento que non son competencia desa Dirección Xeral, e coas consideracións e condicións que constan no devandito informe.

Considerando: Que con data 11/03/2021 o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación emite informe do que se desprende que “unha vez analizado o proxecto e á vista do dito con anterioridade, a solicitude formulada pretende a construción dunha vivenda unifamiliar nun solo clasificado como solo urbano consolidado para uso de aparcamentos adscrito á área de reparto D1-AR2 que na data de emisión deste informe non se ten executado o instrumento de desenvolvemento e xestión necesario para a urbanización da parcela, polo que se debe informar de maneira DESFAVORABLE a licenza de obras solicitada xa que o uso residencia é un uso non permitido”.

Considerando: Que con data 29/06/2021 a letrada colexiada nº. 2326 do ICA de Santiago de Compostela, Gloria Zúñiga Rial, que presta servizos en materia de asesoramento legal nesta corporación, emite informe xurídico desfavorable que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Denegar a licenza urbanística solicitada por Ernesto Insua Olveira, para a construción dunha vivenda unifamiliar de pranta baixa e pranta primeira, a emprazar na parcela con referencia catastral número 8503617MH7580S0001MD, en base a que se trata dun solo clasificado como urbano consolidado para uso de aparcamentos adscrito á Área de reparto D1-AR2 e que non se ten executado o instrumento de desenvolvemento e xestión necesario para a urbanización da parcela, polo que o uso residencial é un uso non permitido.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, vistos os Informes favorables emitidos por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo e Informe xurídico da Letrada Gloria Zúñiga Rial, de datas 14/04/2021 e 24/06/2021 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Conceder a GILBERTO CASTREJE LÓPEZ, veciño de Fisterra LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR con Licenza Urbanística concedida por esta Xunta na sesións celebradas con datas 22/03/2013 e 16/01/2019 (Parcela con Referencia Catastral 8504511MH7580S0001HD) en base ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado, visado con data 12 de Decembro de 2012, e Modificado 3 do Proxecto de Execución que consta no expediente.

2º) Deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de corenta euros (40,00 €), en concepto de Taxas por Licenza de Primeira Ocupación.

E) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, vistos os Informes favorables emitidos por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo e Informe xurídico da Letrada Gloria Zúñiga Rial, de datas 11/03/2021 e 24/06/2021 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Conceder a ANGELIKA BENDER, veciña de Alemania, LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SEMISOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, con Licenza Urbanística concedida por Resolución da Alcaldía de data 18/12/2014, en base ó Proxecto Básico e de Execución e Expediente de Legalización redactados polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés que constan no expediente.

2º) Deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de corenta euros (40,00 €), en concepto de Taxas por Licenza de Primeira Ocupación.

### COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por CRISANTA SENLLE VALDIVIESO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.264 de 14/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dunha parede lateral dunha edificación existente e colocación de catro planchas de fibrocemento no teito da mesma, ós fins de evitar riscos que poidan comprometer á seguridade das persoas. (Referencia Catastral 002501300MH75H0001WF); condicionada a:

-- Deberán adaptarse as obras á volumetría e os sistemas construtivos orixinais da antiga construción



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARÍA DOLORES LOBELOS INSUA**, veciña de Fisterra (R.E. 1279 de 15/06/2021) para proceder ás obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada a emprazar na finca da vivenda (Referencias Catastrais 8727607MH7582N0001AH e 8727606MH7582N0001WH; condicionada a:

**-- En atención o indicado no artigo 41.2 do PBA, sexa enteiramente enterrada e que en ningún caso se alteren a topografía natural do terreo.**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **CUFA CUBIERTAS VENTILADAS, S.L.**, con CIF B32293748 e domicilio na social na Avenida Galicia, 57 da localidade de O Barco de Valdeorras – Ourense (Rexistro de Entrada Telemática 388 de 7/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes no desescombrado da pizarra existente, colocación de tela impermeable e transpirable, nivelado da cuberta con colocación de nova pizarra e novos canalóns de aluminio lacado, nunha edificación (Referencia Catastral 8318902MH7581N0001EX).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **ÁNGEL INSUA CAAMAÑO.** (Rexistro de Entrada 873 de 5/05/2021); para proceder á realización de obras consistentes na retirada da pedra existente, ampliación de fiestras e pintado de fachadas en cor claro nunha vivenda (Referencia Catastral 8803403MH7580S0001UD); mediante ocupación de vía pública 18 metros con andamios e colector de obra; debendo axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural;



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Habará simetría na composición de ocos da planta primeira da fachada principal.
- As fachadas ficarán pintadas ou ben nunha cor de gama das brancas, ou ben nunha cor que se axuste aos criterios da "Guía de cor e materiais de Galicia" editada pola Xunta de Galicia.
- O acabado da nova carpintería non poderá imitar a madeira. A cor da carpintería deberá axustarse aos criterios da guía anteriormente indicada.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **JOSÉ MARÍA BUSTO RODRÍGUEZ**, (Rexistro de Entrada 1244 de 10/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes na reconstrución dun peche de malla metálica e una columna existente, a emprazar na parte posterior da finca da vivenda (Referencia Catastral 8214857MH758150001WU);

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 15 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **MANUELA ROMERO LIÑEIRO**, con (Rexistro de Entrada 1242 de 10/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes na substitución de portas existentes por una nova de corredeira no interior dunha vivenda (Referencia Catastral 8607902MH7580N0001IT);

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 15 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **ROSA MARÍA TRILLO INSUA**, (Rexistro de Entrada 1.301 de 18/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes na eliminación de dous tabiques para ampliación do baixo da vivenda (Referencia Catastral 8604303MH7580S0001QD);



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **MARÍA PILAR TRILLO MAYOBRE**, (Rexistro de Entrada Telm. 418 de 20/06/2021); para proceder á realización de obras consistentes no repicado de azulexo cuartos de baño, substitución bañeira por prato de ducha e alicatado dos baños da vivenda. (Referencia Catastral 8608707MH7580N0001RT);

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Xuño de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

### 3º) ASUNTOS VARIOS

#### 3.1) VENDA AMBULANTE

##### RENOVACIÓN DE POSTOS – ANO 2021

Vistas as solicitudes e documentación anexa, presentadas polos/as titulares dos postos da venda ambulante que de seguido se indican, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Renovar para o ano 2021 a autorización para ocupar os postos da venda ambulante deste concello, ás persoas que de seguido se indican:

Nº. POSTO MTS	TITULAR / DNI DOMICILIO	EPGF. ACTIVIDADE
2 6mts	SOUTIÑO PEREZ, Carmen Caldas de Reis	663.1 ALIMENTACIÓN
11 12 mts	VARELA SUAREZ, José Manuel Coristanco	663.2 TEXTIL
13 8 mts	LEMSAHRI MAJDAOUI, Khlifa Arteixo	663.2 TEXTIL
17 12 mts	LINARES SALAZAR, Esther Cee	612.2 CEREALES, PRANTAS, ABONOS, ...
18 10 mts	FERNANDEZ FERNANDEZ, Montserrat AMES	663.2 TEXTIL



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

21 8 mts	BLANCO LEMA, José Arteixo	663.2 TEXTIL
23 8 mts	FRANCO GONZALEZ, Manuel Dumbría	663.1 ALIMENTACIÓN
26 8 mts	LEMA BOQUETE, M <sup>a</sup> . Isabel Cee	663.2 TEXTIL
34 8 mts	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ramón Santiago	663.2 TEXTIL
40 18 mts	CARREIRA GALLEGO, José Luís Fisterra	663.2 TEXTIL
42 8 mts	FERNANDEZ FERNANDEZ, Moisés AMES	663.2 TEXTIL
45 6 mts	JIMENEZ SILVA, Eva María Santiago	663.2 TEXTIL
46 12 mts	TALAA, Mohammed Camariñas	663.2 TEXTIL
49 10 mts	TALAA, Mohammed Camariñas	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acordo aos/ás interesados/as para o seu coñecemento e demais efectos.

### 3.2) AXUDAS ECONOMICAS

A) Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001335 (RE) de 23/06/2021, por R. M. T. C., no que solicita unha axuda de emerxencia social para equipamento básico.

Visto o informe de data 23/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a R. M. T. C., unha axuda de emerxencia social por importe de douscentos setenta e nove euros (279,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001377 (RE) de 29/06/2021, por B. D., no que solicita unha axuda económica para manutención familiar por non traballar esta tempada e non dispoñer de ingresos.

Visto o informe de data 29/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda de emerxencia social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a B. D., a axuda económica para manutención familiar, por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión as 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.